

Axudas económicas para compensar gastos derivados dos accidentes de tráfico.

Desde o 2010, segundo os nosos cálculos, levamos sen esta axuda, e a desculpa da crise no poder seguir sendo válida.

É máis, no acordo do profesorado itinerante, no seu punto noveno, que se chama “Axudas no caso de accidente”, di textualmente: “o profesorado itinerante terá dereito as axudas para custos por accidente de automóbil que anualmente convoca a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, conforme as normas que se determinan na Orde pola que se convocan”.

Desde a CIG-Ensino **esixímoslle á administración que volva convocar a orde que regula e concede estas axudas.**

Burocracia, plans e o seu recoñecemento.

A Consellaría cada pouco tempo saca un novo plan, algúns necesarios e importantes e outros propagandísticos, pero en todos os casos o único claro é que é maior burocracia e sen ningún tipo de recoñecemento para o profesorado que realiza ou coordina estes plans.

Solicitamos da Consellaría que as coordinacións sexan homologadas tanto en cuestións económicas como en puntuacións para os distintos concursos, se é necesario que publique unha norma previo a negociacións dos ROCs, non é de recibo que á espera da publicación dos citados ROCs non se teña en conta o traballo realizado polo persoal docente.

IES Val do Alma (Chantada).

Na mesa do 9 de marzo se nos comunica que o IES Val do Asma non pasará a ser un CIFP, pero que van agrupar ensinanzas de FP nel, o cal para a CIG-Ensino é poñerlle data de caducidade a este centro.

Na mesa do 29 de marzo díxenos que non vai a haber cambio algún.

Posteriormente se nos di que en 15 días teríamos resposta e a 29 de abril seguimos sen resposta.

[Vólvesenos confirmar polo director xeral de centros que non vai a haber cambios.](#)

Licenzas asuntos propios

Solicitamos que se unifiquen criterios na concesión das licenzas por asuntos propios, ao ter compañeiras que estando nunha provincia se lle concede dito permiso pero nas mesmas condicións noutras provincias non se lle concede.

